

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 16 de xaneiro de 1953, foi aprobado o consorcio que para o monte "CARBALLAL", LU-2064, como pertencente as parroquias de Nogueira e Rairos, subscribiran o Concello de Ribas do Sil e o Patrimonio Forestal do Estado.

2º.- Que o 28 de novembro de 1977, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "DE PUMARES E SAN ROMAN", pertencente á Comunidade integrada polos veciños de Pumares e San Román, parroquia de San Clodio, termo municipal de Ribas do Sil. Publicado dito Acordo no B.O. da Provincia, nº 125, do venres 2 de xuño de 1978, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él, polo que é firme.

3º.- Que o 4 do mes en curso a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme có acordado por ésta en Asemblea Xeral celebrada o 26 de outubro do ano en curso, acordou a súa vez:

- aprobar as Bases dun Convenio a subscribir coa Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, que afectase as 57 Hás. do monte en man común da súa pertenza, incluídas no monte "CARBALLAL", LU-2064.

- solicitar da Consellería que o Convenio, na parte que lle afecta, anulara e substituíse o Consorcio vixente e

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura do Convenio.

4º.- Que en consecuencia, o novo monte "DE PUMARES E SAN ROMAN", queda constituido por:

57 Hás. do monte "CARBALLAL", LU-2064.

5º.- Que o Convenio ten por obxecto a conservación e tratamentos selvícola das masas forestais creadas en virtude do Consorcio, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares, concordantes con tales fins.

6º.- Que as superficies do monte "CARBALLAL", LU-2064, eran:

superficie total	203 Hás.
superficie repoboadada ...	197 "
superficie inforestal...	6 "

Como os montes que se indican, pasaron as seguintes superficies:

M O N T E	Superficie total	Superficie repoboadada.	Superficie inforestal
"SARANDEIRAS E REMEITE", 2715669	81 Hás.	78 Hás.	3 Hás.
"PENEDO BLANCO", 2715797.	42 "	41 "	1 "
Total.....	123 Hás.	119 Hás.	4 Hás.

as actuais, son:

superficie total.....	80 Hás.
superficie repoboada....	78 "
superficie inforestal...	2 "

O Convenio do monte "DE PUMARES E SAN ROMAN", pasan:

superficie total	57 Hás.
superficie repoboada	55 "
superficie inforestal.....	2 "

7º.- Gastos por traballos e ingresos do monte "CARBALLAL", LU-2064.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1996	9.416.299,-Ptas.
pasado m/"SARANDEIRA E REMEITE", 2715669	2.599.647.- "
pasados m/"PENEDO BLANCO", 2715797 ...	1.838.591.- "
saldo actual:	4.978.061,- "
o 31-12-1977, ano en que se clasificou como en man común o monte de Pumares e San Román	1.846.357.-Ptas.

A ter en conta de acordo coa Disposición Adicional Segunda da lei 13/1989, do 10 de outubro:

55 x 4.978.061,-Ptas. - 55 x 1.846.357,-Pts. 2.994.691.-Ptas.
78 197

b) Ingresos:

Administración Forestal....	1.101.313.-Ptas.
Excma. Deputación	298.224,- "
Total	1.399.537,-Ptas.
pasados m/"SARANDEIRA E REMEITE", 2715669...	466.124,- "
pasados m/"PENEDO BLANCO", 2715797	278.268,- "
saldo actual:	655.145,- "

8º.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos que das contas do Consorcio do monte "CARBALLAL", LU-2064, pasan a conta do Convenio do monte "DE MUMARES E SAN ROMAN", son:

a) GASTOS:

Traballos.	2.994.691,-Ptas.
Administración: <u>7,85</u> x 2.994.691,-Ptas..	235.083,- "
Gardería: 55 Hás. x 910,-Ptas./Há.	<u>50.050,- "</u>
<u>TOTAL GASTOS</u>	<u>3.279.824.- Ptas.</u>

b) INGRESOS:

<u>55 Hás.</u> x 655.145.-Ptas.	<u>461.961,-Ptas.</u>
78 Hás.	
<u>TOTAL INGRESOS</u>	<u>461.961,-Ptas.</u>

9º.- E que a conta de gastos do Convenio do monte "DE PUMARES E SAN ROMAN", se abre cun saldo de:

3.279.824,-pesetas - 461.961,- pesetas..	2.817.863,- Ptas.
=====	

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome de monte: "DE PUMARES E SAN ROMAN".

Elenco: 2715882.

Superficie: 57 Hás.

Pertenza: Comunidade de Pumares e San Román.

Termo municipal: Ribas do Sil.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como antiipo: 50%.

Xuro/anticipo: ~~50~~50%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta de gastos do Convenio do monte "DE PUMARES E SAN ROMAN", 2715882, se abra cun saldo de 2.817.863,- pesetas, sen prexuício dos gastos e ingresos que puideran ter as contas do Consorcio do monte "CARBALLAL", LU-2064, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que no sucesivo, o monte LU-2064, teña as seguintes características:

Nome: "CARBALLAL".

Elenco: LU-2064.

Superficie: 23 Hás.

Pertenza: Comunidade de Barreiro e Nogueira e de Vilariño.

Termo municipal: Ribas do Sil.

4º.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "DE PUMARES E SAN ROMAN", 2715882, das contas do Consorcio do monte "CARBALLAL", LU-2064, se resten as seguintes cantidades: gastos: 55 Hás. x 4.978.061,-Ptas. 3.510.171.-Ptas.

78 Hás.

ingresos: 55 Hás. x 655.145.-Ptas. 461.961.-Ptas.


78 Hás.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 1997

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.: Plácido Baamonde López.



Vº. Bº.
O DIRECTOR XERAL,
Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de firma dun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade de veciños propietaria do Monte Vecial en Man Común "DE PUMARES E SAN ROMAN" integrado por 57 Has. procedentes do monte consorciado "CARBALLAL", LU-2064 e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 1997.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xúrida e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Aprobar o convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "DE PUMARES E SAN ROMAN".

Elenco: 2715882.

Superficie: 57 Has.

Pertenza: Comunidade de Pumares e San Román.

Termo municipal: Ribas do Sil.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta de gastos do Convenio do monte "DE PUMARES E SAN ROMAN", 2715882, se abra cun saldo de 2.817.863.- pesetas, sen prexuício dos gastos e ingresos que puideran te-las contas do consorcio do monte "CARBALLAL", LU-2064, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que no sucesivo, o monte teña as seguintes características:

Nome: "CARBALLAL".

Elenco: LU-2064.

Superficie: 23 Hás.

Pertenza: Comunidade de Barreiro e Nogueira de
Vilariño.

Termo municipal: Ribas do Sil.

4º.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "DE
PUMARES E SAN ROMAN", 2715882, das contas do Consorcio do
monte "CARBALLAL", LU-2064, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 55 Hás. x 4.978.061,-Ptas. 3.510.171,-Ptas
78 Hás.


ingresos: 55 Hás. x 655.145,- Ptas. 461.961,-Ptas
78 Hás.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 1997.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,

A blue ink signature is written over a circular official stamp. The stamp contains the text 'XUNTA DE GALICIA' and 'SECRETARIA XERAL'.

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

CONVENIO

N.º	271	5882
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a dezaioito de novembro de mil novecentos noventa e sete.

REUNIDOS

Dunha banda, D. **ANTONIO LUIS ROSON PEREZ**, por Delegación do Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da ~~representación que legalmente ostenta~~ Orde do 13.12.1993.

Da outra, D. **ANTONIO QUIROGA RODRIGUEZ**, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"DE PUMARES Y SAN ROMAN"**, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **16 de Xaneiro de 1.953** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños dos lugares de Pumares y San Román, parroquia de San Clodio, termo municipal de Ribas do Sil**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"DE PUMARES Y SAN ROMAN"**

Termo municipal: **Ribas do Sil**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal: **Monte veciñal en man común pertencente a Comunidade integrada polos veciños de Pumares y San Román, parroquia de San Clodio, termo municipal de Ribas do Sil.**

Límites:

PARCELA I.-

N.: **N.- Propiedades particulares;**
L.: **L.- Propiedades particulares;**
S.: **S.- Propiedades particulares e**
O.: **O.- Propiedades particulares.**

PARCELA II.-

L.: **N.- Propiedades particulares;**
L.- Propiedades particulares; e monte "PENEDO BLANCO", 2715797;
S.- Propiedades particulares e
O.: **O.- Monte "CARBALLAL", LU-2064, monte "SARANDEIRAS Y REMEITE", 2715669 e propiedades particulares.**

Superficie: **57 (CINCOENTA E SETE) Hás.**

Estado forestal: **55 (CINCOENTA E CINCO) Hás. repoboadas e 2 (DUAS) Hás. rasas inforestais.**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: **- - -**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: **55 (CINCOENTA) E CINCO) Hás.**

Sen vexetación arbórea: **2 (DUAS) Hás.**

Servidumes:

3ª.— O chan continuará pertencendo a **Comunidade integrada polos veciños dos lugares de Pumares e San Román, parroquia de San Clodio, termo municipal de Ribas do Sil**

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

57 Hás. do monte "CARBALLAL", LU-2064.

A relación de consorcios a converter é como segue:

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o **trinta** por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o **setenta** por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o por cento, e a comunidade propietaria, o por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de **trinta** anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— ~~As especies arbóreas que se planten no monte serán de P. sylvestris, P. pinaster e P. radiata.~~ **O monte atópase plantado con P. sylvestris, P. pinaster e P. radiata.**

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " PUMARES E SAN ROMÁN ", veciños dos lugares de pumares e San Román, parroquia de San Clodio, concello de RIBAS DE SIL - rexistrados o 18-08-91 co número 0220.

2.— Que, así mesmo, figura Don ANTONIO QUIROGA RODRÍGUEZ, e Don MARÍA JESÚS DALAMA TAGLE, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, ~~da~~ elixida o 26-10-97

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 5 de novembro de 199 7.

P.O.

Asda: XEFA DO SERVICIO TÉCNICO-XURÍDICO

Don la MARIA JESUS DALAMA TAGLE

da Comunidade de Pumares e San Román, termo municipal de Ri.

Asda: Ana Manuela Belinchón Giménez, Secretario

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 26 de Outubro de 1.997 estando designado Don ANTONIO QUIROGA RODRIGUEZ, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Pumares (Ribas do Sil)

a oatro de Novembro de mil novecentos noventa e sete.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

Antonio Quiroga
O PRESIDENTE,

Mª Jesús Dalama

Asda: Antonio Quiroga Rodriguez.

Asda: Maria Jesús Dalama Tagle.

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,

Antonio Quiroga
Asda: Antonio Quiroga Rodriguez.

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO;

P/D

O SECRETARIO XERAL,

Asda: Antonio Luis Rosón Pérez. (O. do 13/12/93)

D. Antonio Quiroga Rodríguez.

En el lugar de Pumares, parroquia de San

D^a. Maria Jesús Dalama Tagle.

D^a. Asunción M^a. C. Vázquez.

D^a. Lourdes Rodríguez Manrique

D^a. Luz Macía González.

Clódio, término municipal de Ribas del Sil, siendo -
las diez horas del día 4 de Noviembre de 1.997, se -
reunen los vecinos que integran la Junta Rectora de
la citada Comunidad, cuya relación figura al margen.

Conforme con lo acordado por ésta, reuni-
da en Asamblea General el pasado 26 de Octubre, acuer-
dan a su vez:

1^a.- Aprobar las Bases de un Convenio a suscribir con la Consellería -
de Agricultura, Gandería e Montes, que afecte a las 57 Hás. del monte en mano co-
mún de su pertenencia incluidas en el monte "CARBALLAL" consorciado por el Ayunta-
miento de Ribas del Sil y el Patrimonio Forestal del Estado, con lo que las carac-
terísticas del monte a conveniar son:

Nombre: "DE PUMARES Y SAN ROMAN".

Superficie: 57 Hás.

Límites:

PARCELA I.-

N.- Propiedades particulares;

E.- Propiedades particulares;

S.- Propiedades particulares y

O.- Propiedades particulares.

PARCELA II.-

N.- Propiedades particulares;

E.- Propiedades particulares y monte "PENEDO BLANCO", 2715797;

S.- Propiedades particulares y

O.- Monte "CARBALLAL", LU-2064, monte "SARANDEIRAS Y REMEITE", 2715669 y propieda-
des particulares.

2^a.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que le
afecta, amule y sustituya al Consorcio del monte "CARBALLAL", LU-2064.

3^a.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y
fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

[Firma]

[Firma]

[Firma]

[Firma]

[Firma]